

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 19 de maio de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira

Invitados:

D. Xesús López Carreira

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás 14.23 horas do día dezanove de maio de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, o titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel, non asistiu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(585).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(586).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA A DINAMIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO XVII CONGRESO NACIONAL E XII

INTERNACIONAL DE MEDICINA XERAL E DE FAMILIA VIGO 2011. EXPTE. 3871/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Turismo e Comercio, do 27.04.11, conformado polo concelleiro da área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, co informe do letrado asesor do 16.05.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 18.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio de subvención de concesión directa, de carácter excepcional, entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para a dinamización e desenvolvemento do XVII Congreso Nacional e XII Internacional de Medicina Xeral e de Familia Vigo 2011.

SEGUNDO: Aprobar o gasto por importe de 220.000 € a favor da entidade: Fundación Vigo Convention Bureau con CIF: G-27722883, con enderezo social na Avda. do Aeroporto – Recinto Feiral de Cotogrande, con cargo a partida 4320.4890001 “promoción congreso médico Fundación Convention Bureau” do vixente orzamento para o ano 2011.

TERCEIRO: Aprobar a condición de gasto anticipado do convenio, sen necesidade de execución de garantía sobre o mesmo, segundo se xustifica no propio informe proposta.

O pago da achega efectuarase en base aos seguintes prazos:

- a) Primeira achega de 110.000€ (cento dez mil euros), do 50% do importe do convenio. Terá consideración de achega anticipada e será efectiva unha vez asinado o presente convenio.
- b) Segunda achega de 110.000€ (cento dez mil euros), do 50% do importe do convenio. Este importe será liquidado á Fundación Vigo Convention Bureau no mes de xuño, previa xustificación de conformidade por parte da Fundación da execución dos gastos por importe, como mínimo, igual a cantidade total da achega do Concello de Vigo. Para a xustificación dos gastos, a Fundación Vigo Convention Bureau axustarase aos criterios definidos na cláusula novena.
- c) O Concello de Vigo poderá aumentar a achega prevista neste convenio, previa aprobación do gasto, en función da xestión de créditos procedentes de outras administracións, para a celebración do XVII Congreso Nacional e XII Internacional de Medicina Xeral e de Familia Vigo 2011.

CUARTO: Habilitar ao Concelleiro Delegado de Turismo do Concello de Vigo, D. Santiago Domínguez Olveira, para asinar este convenio.

SUBVENCIÓN DE CONCESIÓN DIRECTA, DE CARÁCTER EXCEPCIONAL, ENTRE A CONCELLERÍA DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA A ORGANIZACIÓN DO XVII CONGRESO NACIONAL E XII INTERNACIONAL DE MEDICINA XERAL E DE FAMILIA VIGO 2011

Vigo, de de 2011

REUNIDOS

Por parte do Concello de Vigo:

D. Santiago Domínguez Olveira, na súa calidade de Concelleiro-Delegado da Área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, en representación legal do mesmo, en virtude do Decreto de Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións do Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Por parte da Fundación Vigo Convention Bureau:

D. Santiago Domínguez Olveira como Presidente do Comité Executivo, D. Lino Comesaña Calvo como Tesoureiro do Padroado, actuando mancomunadamente en nome do Comité Executivo da Fundación Vigo Convention Bureau, en exercicio das facultades delegadas por acordo do Padroado de data 19 de febreiro de 2010, con CIF: G-27722883, con enderezo social na Avda. do Aeroporto – Recinto Feiral de Cotogrande, como resulta da acta da reunión do Padroado da Fundación Vigo Convention Bureau de data 29 de decembro de 2009, que figura na documentación que se achega anexa.

MANIFESTAN

PRIMEIRO: A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, reconece no Art 25.2.m que, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, que os municipios poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso competencias, nos termos da lexislación do estado e das Comunidades Autónomas, en materia de turismo. En relación a este ámbito competencial o Concello de Vigo desenvolve todos os anos unha programación de congresos e convencións de carácter nacional e internacional, como proposta de traballo para a consolidación e difusión do turismo da cidade e de fortalecemento do sector terciario da economía local.

SEGUNDO: A Sociedade Española de Médicos de Familia y General (SEMG) na, reunión celebrada no mes de xuño de 2010 acordou conceder a celebración do XVII Congreso Nacional e XII Internacional de Medicina Xeral e de Familia a través do proxecto da Fundación Vigo Convention Bureau..

TERCEIRO: A Fundación Vigo Convention Bureau é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, Caixanova, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei de Galicia 7/1983, de 22 de xuño, de Réxime das Fundacións de Interese Galego, da Lei de Galicia 11/1991, de 8 de novembro, de reforma da anterior, do Decreto 248/1992, de 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego, e da Lei 30/1994, de 24 de novembro, de Fundacións e de Incentivos Fiscais á Participación Privada en Actividades de Interese Xeral.

Entre os obxectivos da Fundación Vigo Conventio Bureau atópanse a captación de convencións e incentivos, aglutinar e asesorar ás empresas do sector turístico e institucións e organismos da Fundación, para prestar servizos e crear infraestruturas que posicionen a Vigo como cidade de congresos, elaborar candidaturas para presentar a Vigo como sede de congresos, asistir a feiras e salóns especializados, servir de soporte para a confección de programas e actividades para as viaxes de incentivos, promoción en medios de comunicación, organización de famtrips e press trips que melloren o coñecemento da cidade e crear e consolidar unha conciencia pública sobre a importancia económica do turismo.

No seu Plan Estratéxico Anual de Actuación, a Fundación Vigo Convention Bureau pretende ubicar a cidade de Vigo no mapa dos congresos, aumentar a presenza de Vigo noutras institución que xestionan recursos propios do turismo MICE e incrementalala nos mercados internacionais, crear un icono da cidade para a súa identificación como destino de congresos, crear produtos específicos complementarios aos existentes, para desestacionalizar a demanda turística e testar e medir a efectividade das accións de promoción.

CUARTO: A Fundación Vigo Convention Bureau achega proxecto con orzamento para organizar en Vigo o dito Congreso Nacional e Internacional da Sociedad Española de Médicos de Familia (SEMG) ao atoparse entre os obxectivos da fundación a captación para a realización destes eventos na cidade

Por isto, solicita unha achega económica do Concello de 220.000 euros para coadxuvar ao proxecto de organización na cidade de Vigo deste congreso, habida conta do interese xeral, publicitario, turístico, económico e de promoción da cidade que se consegue coa realización deste evento.

A actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social, pois xeran importantes sinerxias económicas na cidade e na súa contorna e fortalecen a complementariedade da actuación pública / privada nunha tarefa común de interese esencial para a cidade

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública de subvencións e xustifican a súa concesión directa.

QUINTO: De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, este convenio será instrumento adecuado para canalizar a subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social e económicos, que dificultan a súa convocatoria pública, se outorga directamente, cuxo obxecto establececese para coadxuvar coa financiación do gasto á Fundación Vigo Convention Bureau para a execución baixo os principios e garantía de equilibrio, capacidade, solvencia e xestión das actividades obrigatorias derivadas dos aspectos administrativos/económicos da organización do XVII Congreso Nacional e XII Internacional de Medicina Xeral e de Familia, Vigo 2011

SEXTO: Todos estes aspectos nos levan a necesidade de formalizar a presente subvención de concesión directa, da carácter excepcional, coa Fundación Vigo Convention Bureau co obxecto principal de encamiñar as actuacións necesarias como axente coordinador do desenvolvemento do XVII Congreso Nacional e XII Internacional de Medicina Xeral e de Familia Vigo 2011, para aunar esforzos e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento deste proxecto.

Na súa virtude, ambas partes acordan subscribir a presente subvención de concesión directa, da carácter excepcional, para executar e desenvolver as actuacións necesarias para desenvolver o proxecto: XVII Congreso Nacional e XII Internacional de Medicina Xeral e de Familia Vigo 2011 baixo os principios e garantías de equilibrio, capacidade e solvencia, que de forma específica se plasman nas seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

- Primeira: O obxecto da presente subvención establececese para coadxuvar coa financiación do gasto á Fundación Vigo Convention Bureau para a execución baixo os principios e garantía de equilibrio, capacidade, solvencia e xestión das actividades obrigatorias derivadas dos aspectos administrativos/económicos da organización do XVII Congreso Nacional e XII Internacional de Medicina Xeral e de Familia, Vigo 2011.
- Segunda: Crearase unha comisión de posta en marcha e seguimento deste convenio, da que formarán parte a Xefatura do Servizo de Turismo e Comercio do Concello de Vigo e a

xerencia da Fundación Vigo Convention Bureau, co obxectivo de velar polo bo uso da aportación municipal ao desenvolvemento do XVII Congreso Nacional e XII Internacional de Medicina Xeral e de Familia, Vigo 2011.

Terceira: Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organizamos internacionais.

A Fundación Vigo Convention Bureau deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Cuarta: A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Quinta: A Fundación Vigo Convention Bureau, comprométese a desenvolver as tarefas necesarias para a xeral efectividade da organización e das diversas actuacións e procesos establecidos pola organización do congreso a través da súa estrutura e de forma concreta a:

- 1) Desenvolver o deseño, execución e difusión das actuacións previstas no proxecto de organización.
- 2) Establecer a través de recursos propios ou externos o asesoramento e xestión das necesidades vencelladas coas actuacións de organización e promoción do XVII Congreso Nacional e XII Internacional de Medicina Xeral e de Familia, Vigo 2011.
- 3) Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes turísticos da cidade implicados e na propia Fundación Vigo Convention Bureau para as actuacións conxuntas de promoción.
- 4) Realizar cantas xestións sexan necesarias con outras administracións para a consecución de apoios ao proxecto.
- 5) Apertura dunha conta corrente específica e única para a xestión dos ingresos e gastos derivados do presente proxecto.
- 6) As contías aportadas polo Concello de Vigo a través deste convenio destinaranse exclusivamente a sufragar os gastos directamente relacionados coa promoción, publicidade e organización do XVII Congreso Nacional e XII Internacional de Medicina Xeral e de Familia, Vigo 2011.

- Sexta: O Concello de Vigo comprométese a:
- 1) Facilitar á Fundación Vigo Convention Bureau a tramitación das esixencias e necesidades propias do Concello de Vigo para a organización do XVII Congreso Nacional e XII Internacional de Medicina Xeral e de Familia, Vigo 2011.
 - 2) Autorizar á Fundación Vigo Convention Bureau a utilización da imaxe corporativa do XVII Congreso Nacional e XII Internacional de Medicina Xeral e de Familia en todas as actuacións de promoción e captación de recursos para o desenvolvemento do proxecto.
 - 3) Achegar a Fundación Vigo Convention Bureau como cantidade para o desenvolvemento do XVII Congreso Nacional e XII Internacional de Medicina Xeral e de Familia Vigo 2011, un total de 220.000 € (douscentos vinte mil euros).
 - 4) Facer efectiva a achega á Fundación Vigo Convention Bureau en dous prazos:
 - a) Primeira achega de 110.000€ (cento dez mil euros), do 50% do importe do convenio. Terá consideración de achega anticipada e será efectiva unha vez asinado o presente convenio.
 - b) Segunda achega de 110.000€ (cento dez mil euros), do 50% do importe do convenio. Este importe será liquidado á Fundación Vigo Convention Bureau no mes de xuño, previa xustificación de conformidade por parte da Fundación da execución dos gastos por importe, como mínimo, igual a cantidade total da achega do Concello de Vigo. Para a xustificación dos gastos, a Fundación Vigo Convention Bureau axustarase aos criterios definidos na cláusula novena.
- Sétima: O Concello de Vigo poderá aumentar a achega prevista neste convenio, previa aprobación do gasto, en función da xestión de créditos procedentes de outras administracións, para a celebración do XVII Congreso Nacional e XII Internacional de Medicina Xeral e de Familia Vigo 2011.
- Oitava: O XVII Congreso Nacional e XII Internacional de Medicina Xeral e de Familia terá lugar entre o 18 e o 21 de maio de 2011, polo que a vixencia do convenio estenderase desde a data da súa sinatura ata un máximo de 3 meses despois da súa finalización, o día 21 de agosto de 2011.
- Novena: A Fundación Vigo Convention Bureau, no prazo máximo de 3 meses a contar dende o remate do Congreso Médico, o 21 de maio de 2011, deberá xustificar a aplicación dos fondos recibidos para a organización e desenvolvemento do XVII Congreso Nacional e XII Internacional de Medicina Xeral e de Familia, Vigo 2011.
- A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que constará a declaración das actividades realizadas, dos gastos incorridos e unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos serán facturas ou documentos de valor probatorio equivalente; incluírase tamén o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e doutras subvencións ou recursos que cofinanciaran a actividade obxecto deste convenio.
- Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán os gastos vinculados directamente co obxecto do presente convenio.

Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado da factura orixinal, indicando no mesmo o motivo da aplicación así como si o importe do xustificante imputase total ou parcialmente a esta xustificación, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

A Xefatura do servizo municipal de Comercio e Turismo encargada do seguimento do presente convenio, informará sobre a axeitada xustificación de subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da concesión desta. O informe porá de manifesto de forma expresa o indicado e o cumprimento total do obxecto do convenio.

- Décima: Antes de proceder ao pago da subvención a Fundación Vigo Convention Bureau deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- Undécima: A Fundación Vigo Convention Bureau deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Industria, Comercio e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvención.
- Duodécima: O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio pode ser denunciada polas partes, sendo facultada a comisión de seguimento para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio. A sinatura do presente convenio non é incompatible con calquera outro que asine a Fundación Vigo Convention Bureau en base a potenciación do actual proxecto.
- Decimo terceira: Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a Fundación Vigo Convention Bureau a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
- Decimo cuarta: A Fundación Vigo Convention Bureau está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Industria, Comercio e Turismo.

A Fundación Vigo Convention Bureau poderá exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Industria, Comercio e Turismo do Concello de Vigo.

Decimo quinta: A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais, as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así, de conformidade con canto antecede, no exercicio das facultades de que son titulares cada un dos asinantes, subscriben este convenio por triplicado na data que encabeza o convenio.

3(587).- SUBVENCIÓN DIRECTA Á FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU DESTINADA Á APORTACIÓN ORDINARIA DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2011. EXPTE. 3928/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Turismo e Comercio, do 3.05.11, conformado polo concelleiro da área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, co informe do letrado asesor do 16.05.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 18.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- A aprobación da presente resolución de concesión de subvención directa en concepto de aportación ordinaria do Concello de Vigo como socio fundador, por un importe de 50.000,00 € a favor da entidade: Fundación Vigo Convention Bureau, co CIF: G-27722883 con enderezo social na Avda. do Aeroporto (IFEVI), s/n en Vigo. c/c 2080 0800 64 0040007198 con cargo á partida 4320.4890000 do vixente orzamento e de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:
 - a) A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de

subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2011.

- b) Esta subvención ten un claro carácter de interese público social, e ademais a subvención que se regula a través desta resolución non obedece ós principios de publicidade e concorrência dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente, no orzamento aprobado para o exercicio 2011, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- c) Esta subvención non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.
- a) Que a Fundación Vigo Convention Bureau non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións.
- b) A tramitación do pago do importe da subvención adxudicada a través desta resolución a Fundación Vigo Convention Bureau, dentro do prazo máximo de tres meses dende a notificación da resolución, deberá de achegar coa memoria xustificativa correspondente das actividades realizadas, xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe da subvención (facturas previstas no do RD 1496/2003).
- c) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- d) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
- e) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do

Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo.

**4(588).- REGULARIZACIÓN DAS RETRIBUCIÓN DAS POLICÍA LOCAL.
EXPTE. 22042/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Planificación e Organización de RR.HH, do 13.05.11, conformado polo concelleiro da área de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención do 18.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Proceder a actualización con efectos de 1 de xaneiro de 2011 das retribucións do persoal reclasificado do Corpo da Policía Local, en aplicación do disposto na disposición Transitoria 1ª, apartados 1º e 4ºda Lei 4/2007, de Coordinación das Policías Locais de Galicia, dando cumprimento a petición do Comité de Persoal, nos termos do acordado nas Mesas Xerais de Negociación de datas 7 e 8 de outubro de 2010 e, segundo o informe xurídico do Adxunto xurídico da Policía Local de data 22 de marzo de 2011.

Segundo.- Instar a Alcaldía-Presidencia a realización da seguinte modificación de crédito, dende a aplicación orzamentaria 132.0.120.06.01 “Fondo de regularización retribucións Policía Local”, a aplicación de destino “Retribucións básicas Policía Local” -132.0.120.06.00 “antigüidade funcionarios”, por un importe de 198.208,63€ necesaria para a materialización do presente acordo”.

**5(589).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
EXPTE. 38732/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 13.05.11, co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 4.05.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 16.05.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º.- Autoriza-la prorroga para o periodo comprendido entre o 1 de xuño de 2011 e o 31 de maio de 2012 do contrato para a execución dos servizos de axuda no fogar (SAD), adxudicado á empresa Clece, S.A. Por acordo da Xunta de Goberno Local o 22 de maio de 2009, a prorroga do contrato ascende a cantidade de 2.469.690,84 euros

2º.- Modificar o contrato de prestación dos servizos de axuda no fogar do concello de Vigo, adxudicando a empresa CLECE, S.A., por acordo a XGL de data 22 de maio de 2009, por aumento do número de horas de prestación do servizo ata o 31 de maio de 2012. O importe da modificación é de 422.319,48 euros,

3º.- Previamente a formalización da modificación do contrato CLECE S.A., deberá constituir garantía definitiva por importe de 19.551,83 euros.

4º.- O importe da prorroga e a modificación é de 2.892.010,32 euros, sen perxuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputaran á partida 2310.2279901, 1.687.006,02 do presuposto do ano 2011 e 1.205.004,30 euros.”

6(590).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PERI II-08 A BOUZA SUR (API 61 PXOM)-PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUCTURAS E DOTACIÓNS-PEID. APROBACIÓN PROVISIONAL. EXPTE. 11925/411.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 18.05.11, conformado polo arquitecto municipal, director da oficina de Planeamento e Xestión e pola Xerente de Urbanismo, e co acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 19.05.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO:Desestimar, con base no informe do Titular da Asesoría Xurídica municipal do 10.05.2011, a alegación presentada por D. Ubaldino Rodríguez Bello, en nome e en representación da mercantil Miraflores Vigo S.A., durante o trámite de información pública do Exp. Nº 11925/411 (Doc. nº 100075238).

SEGUNDO:Aprobar provisionalmente a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR PERI II-08 <<A BOUZA SUR>> (API-61 PXOM) – PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUCTURAS E DOTACIÓNS (PEID)”, de iniciativa municipal, a fin de posibilitar a creación dun equipamento sociocultural ó servizo do barrio de Coia que integre a reconstrución do edificio do antigo “Colexio Alemán” e a ampliación da zona verde do Parque da Bouza Sur, segundo a documentación elaborada pola Oficina de Planeamento -Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo (Exp. Nº 11925/411).

TERCEIRO:Someter o expediente completo, debidamente dilixenciado, ó conselleiro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (CMATI – Secretaría xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo) para que emita o informe preceptivo previsto no Art. 86.1d) da LOUGA (L.9/2002), previo á aprobación definitiva da Modificación. Este informe deberá ser emitido no prazo de dous (2) meses desde a entrada do expediente completo no Rexistro da CMATI e terá carácter vinculante no que atinxe ó control da legalidade e a tutela dos intereses supramunicipais, o cumprimento das determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio e dos plans territoriais e sectoriais. Transcorrido ese prazo sen que se comunicase o informe recabado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuarse a tramitación administrativa.

CUARTO:Remitir copia deste acordo ó alegante e o “Movemento Cidadán O Noso Barrio”, da Parroquia do Cristo da Victoria, para o seu coñecemento, coa indicación de que non é susceptible de recurso ningún por tratarse dun mero acto de trámite (Art. 107.1 pfo. 2º LRX-PAC).

7(591).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONCESIÓN DEMANIAL PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO APARCADOIRO E LOCAIS COMERCIAIS NO SUBSOLO DA PRAZA DE D. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO E O MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Contratación e Novos Proxectos do 16.05.11, conformado polo concelleiro da área de Xestión Municipal, co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 13.05.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar definitivamente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá á adxudicación directa da concesión demanial para a xestión e explotación do aparcadoiro e locais comerciais no subsolo da Praza de Don Francisco Fernández del Riego, en Vigo de conformidade co texto elaborado polo Xefe do Área de Contratación e Novos proxectos obxecto de aprobación inicial coas seguintes rectificacións:

a) Inclúese un tercer parágrafo á cláusula XX que dí:

“A cantidade máxima a que pode ascender a posible indemnización pola liquidación do contrato, no suposto de non formalizarse a adxudicación directa da concesión de dominio obxecto deste Prego será a que resulte pola aplicación do criterio mantido pola Xurisprudencia expresado no informe de IDOM – Consulting aportado por PRAZADOURO S.L., o 30 de novembro de 2010.”

b) Engádense no inciso final do segundo parágrafo da Cláusula III do Réxime xurídico:

“e o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, do Patrimonio das Administracións Públicas, aprobado por RD 1373/2009.”

e no primeiro parágrafo da Cláusula IV despois de “da LPAP” engádense:

“e o 117 do RD 11373/2009”

c) na cláusula X suprímese no apartado b o expresado na mesma que dí:

“en concreto nas cláusulas 7 e 8”

d) no último parágrafo da cláusula XI:

suprímese a palabra **“coa”** e substitúese por **“nun prazo de cinco anos ao da”**

2.- Requirir a PRAZADOURO, S.L., a presentación, no prazo de dez días naturais, da oferta para a adxudicación directa da concesión, coa aportación dos documentos esixidos no Prego (Cláusulas XIV a XVII).

TEXTO NO QUE SE RECOLLEN AS RECTIFICACIÓNS PROPOSTAS NO ACORDO DE APROBACIÓN DEFINITIVA.

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A ADXUDICACIÓN DIRECTA DA CONCESIÓN DEMANIAL PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO APARCADOIRO E LOCAIS COMERCIAIS NO SUBSOLO DA PRAZA DE DON FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO DE VIGO

INTRODUCCIÓN -

ANTECEDENTES

O Concello de Vigo é titular do ben demanial coñecido co nome de Praza Elíptica, na cidade de Vigo.

En relación con este ben demanial, o Pleno do Concello de Vigo, en sesión de data **27 de xaneiro de 1998**, acordou **(i)** aprobar definitivamente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o concurso público para a adxudicación, en réxime de concesión administrativa de dominio público, da redacción do proxecto de construción e explotación dun aparcadoiro e locais comerciais de usos terciarios na denominada Praza Elíptica e a urbanización do PERI I-5 (Praza Elíptica) e das condicións técnicas, segundo os textos que figuran transcritos no acordo plenario de data 17 de novembro de 1997 de aprobación inicial dos devanditos documentos, e **(ii)** convocar o concurso público para a adxudicación da citada concesión .

A mercantil PRAZADOURO, S.L. presentou a única oferta na devandita licitación e resultou adxudicataria da concesión de dominio público en virtude de acordo do Pleno do Concello de Vigo de data **29 de maio de 1998**. O **23 de xuño de 1998** outorgouse escritura pública de concesión administrativa a favor de PRAZADOURO, S.L.

Con posterioridade, tanto este acordo de adxudicación como o que aprobou os Pregos de condicións técnicas e cláusulas administrativas particulares para o devandito procedemento de contratación, foron impugnados ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Con data 11 de novembro de 2004, a sección segunda da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou Sentenza estimando parcialmente o recurso contencioso-administrativo número 6149/98, e, na súa virtude, **anulou os mencionados acordos do Concello de Vigo do 27 de xaneiro e 29 de maio de 1998**.

O único motivo polo que o Tribunal entende contrarios a dereito os acordos municipais, baséase en que como consecuencia da adxudicación, a adxudicataria recibiu unha parte da obra licitada que xa se tiña construído con anterioridade e, o Prego, non estableceu a obriga do concesionario de aboar a totalidade do importe do recibido, o que determinaría un enriquecemento sen causa ao seu favor.

Fronte a esta Sentenza interpúxose Recurso de Casación ante o Tribunal Supremo, que foi inadmitido en virtude de **Auto de data 6 de xuño de 2006**, data na que adquiriu firmeza a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza antes citada.

Con posterioridade ao fallo adoptado polo Tribunal, o 26 de febreiro de 2008, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou un acordo sobre *“Proposta de autorización a PRAZADOURO, S.L., para continuar coa explotación da concesión de dominio público da Praza Elíptica. Expte. 18279/240”*, no que

autoriza á sociedade a continuar, en precario, coa xestión da concesión durante a tramitación do expediente de liquidación da concesión, e no seu caso, ata a realización dunha nova adxudicación.

Máis tarde, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de 27 de xaneiro de 2010, mantívose a autorización nos mesmos termos que no acordo anterior, e engadiuse que *“a celebración de actos de gravame e disposición de dereitos derivados da concesión, incluídos os arrendamentos, e en xeral actos e contratos que excedan da administración ordinaria da concesión requirirán a autorización municipal, sen a cal os devanditos actos non vincularán á Administración municipal. Transcorrido o prazo dun mes desde a solicitude de autorización sen que se notificara resolución expresa, entenderase outorgada a autorización.”*

Na fase de execución da Sentenza, ditouse un Auto polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 29 de abril de 2010, no que se indica de xeito expreso o seguinte: *“...pero en todo caso é preciso significar que a referida sentenza anulou a adxudicación outorgada mediante acordo de 29 de maio de 1998, de maneira que tal adxudicación desapareceu do mundo do Dereito con todas as consecuencias que diso derivan. En consecuencia a execución da sentenza atenderá á realidade xurídica constituída pola apuntada anulación da adxudicación, así como tamén pola anulación do prego...”*

Ante tal situación, o Concello de Vigo iniciou a tramitación do expediente de execución de sentenza co número de orde 3365/241 no que se adoptaron os seguintes Acordos pola Xunta de Goberno Local:

- f) O **22 de novembro de 2010**, en execución da sentenza acórdase: **“Primeiro.-** Fixar na suma de 524.395,18 euros a cantidade pola que Prazadouro, S.L. se enriqueceu inxustamente pola recepción gratuíta das obras de escavación e estrutura realizadas na Praza Elíptica pola anterior concesionaria INMIGA, S.L. **Segundo.-** A citada cantidade será obxecto de compensación como débeda ante o Concello de Vigo no expediente de liquidación do contrato de concesión de dominio público consistente na redacción do proxecto de construción e explotación dun aparcadoiro e locais comerciais de usos terciarios na denominada Praza Elíptica e a Urbanización do PERI I-5 da cidade de Vigo do 23 de xuño de 1998. **Terceiro.-** Expedir certificacións literais do presente acordo dando traslado dunha delas á Asesoría Xurídica para que polos representantes procesuais do Concello comuniquen á Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a adopción do mesmo.”

- g) O **23 de decembro de 2010**, en canto á liquidación do contrato de concesión do 23 de xuño de 1998 suscrito entre o Concello de Vigo e PRAZADOURO, S.L, acórdase: **“Primeiro .-** Establecer o criterio mantido pola xurisprudencia no marco das concesións administrativas e na aplicación da lexislación expropiadora para a valoración na tramitación do expediente de liquidación do contrato coa entidade PRAZADOURO S.L., da indemnización que puidese corresponderlle á mesma pola anulación da concesión outorgada pola Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 11 de novembro de 2004. **Segundo.-** Iniciar o expediente de contratación para a concesión do dominio público para a explotación do aparcadoiro e os locais comerciais de usos terciarios situados no subsolo da denominada Praza Elíptica da cidade de Vigo polo procedemento do outorgamento directo a PRAZADOURO S.L., do artigo 93 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP) pola existencia das razóns previstas nos artigos 137.4-i) da LPAP e 117-d) do Decreto 3588/1964, do 5 de novembro, e resultar, sen dúbida algunha, a máis aconsellable para os intereses patrimoniais do Concello. **Terceiro.-** Admitir as suxestións realizadas por PRAZADOURO S.L. para a redacción dos pregos reguladores do outorgamento da concesión demanial respecto ao prazo e ao canon da mesma, introducindo nos mesmos a correspondente cláusula pola que os futuros desfasamentos económico financeiros que poida ocasionar o cumprimento da lexislación tributaria serán

asumidos polo Concello ao non poder ser contemplados no expediente de liquidación do contrato, suxerindo á entidade que solicite a correspondente consulta á Administración Tributaria.”

A motivación da concorrencia dos orzamentos que xustifican a posibilidade de que a nova concesión administrativa sexa obxecto de adxudicación directa está recollida no Informe-proposta emitido polo Xefe da área de Contratación e Novos Proxectos con data 16 de decembro de 2010, e que se toma en consideración para a adopción do acordo antes citado de data 23 de decembro de 2010.

- h) Posteriormente, no expediente de liquidación do contrato tramitado como consecuencia da execución da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 11 de novembro de 2004, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **21 de febreiro de 2011**, adoptou o seguinte acordo: “**Primeiro.-** Fixar na suma de 25.378.191,00 € o importe máximo da indemnización que lle correspondería na data do 1 de outubro de 2010 á entidade PRAZADOURO, S.L. pola liquidación do contrato do 23 de xuño de 1998, ao ser un dos efectos que produce a execución da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 11 de novembro de 2004, que anula os acordos do Pleno do Concello do 27 de xaneiro e 29 de maio de 1998 polos que se aprobaban os pregos de condicións reguladoras do concurso da concesión de dominio público consistente na redacción do proxecto de construción e explotación dun aparcadoiro e locais comerciais de usos terciarios na denominada Praza Elíptica e a urbanización do PERI - I- 5 da cidade de Vigo e, adxudicábase o contrato á entidade PRAZADOURO, S.L. **Segundo.-** Non procederá o aboamento da citada cantidade no caso de que PRAZADOURO, S.L., resulte adxudicatario da concesión de dominio público para a explotación do aparcadoiro e os locais comerciais de usos terciarios situados no subsolo da Praza de Don Francisco Fernández del Riego, antiga Praza Elíptica, da cidade de Vigo, atendendo ao establecido no Prego, e polo procedemento de outorgamento directo a PRAZADOURO S.L., en virtude do acordo adoptado pola XGL de 23 de decembro de 2010.”

Polo tanto, a execución da sentenza obrigou a liquidar a concesión de dominio público que vinculaba ao Concello de Vigo e a PRAZADOURO, S.L., e en consecuencia, a fixar na suma de 25.378.191,00 € o **importe máximo da indemnización** que lle correspondería percibir na data do 1 de outubro de 2010 á entidade PRAZADOURO, S.L. pola anulación da concesión da Praza Elíptica e liquidación do correspondente contrato.

O importe máximo da indemnización foi fixado na suma de 25.378.191,00 € consonte o Informe de valoración emitido polo equipo de Consultoría de IDOM, S.A., integrado, entre outros, por un Licenciado en Ciencias Empresariais, un Licenciado en Economía e Enxeñeiros e Arquitectos que está incorporado ao expediente de liquidación que se fundamenta no criterio **mantido pola xurisprudencia** no marco das concesións administrativas e na aplicación da lexislación expropiadora para a valoración na tramitación do expediente de liquidación do contrato coa entidade PRAZADOURO S.L., conforme, polo tanto, co apartado primeiro do Acordo da Xunta de Goberno Local do 23 de decembro de 2010 antes sinalado, xa que atendendo a outros criterios fixaban o quantum da indemnización en 104.500.000€ ou en 149.200.000 €.

Ademais. ao ser tidas en conta no citado Acordo as suxestións realizadas pola titular) engádense no inciso final do segundo parágrafo da Cláusula III do Réxime xurídico:

“e o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, do Patrimonio das Administracións Públicas, aprobado por RD 1373/2009.” do dereito indemnizatorio non suporá gasto algún para o Concello de Vigo ao xustificarse o outorgamento dunha nova concesión polo procedemento de adxudicación directa previsto na Lei do Patrimonio das Administracións Públicas.

- **OBXECTO E ALCANCE DA CONCESIÓN**

Constitúe o obxecto do presente Prego o establecemento das condicións económico-administrativas que han rexe a concesión administrativa de dominio público que habilita a PRAZADOURO, S.L. para a xestión e explotación do aparcadoiro e locais comerciais existentes no centro comercial da antiga “Praza Elíptica” de Vigo, hoxe situados no subsolo da PRAZA DE DON FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Estes bens demaniais atópanse incorporados ao Inventario Municipal de Bens pola aprobación definitiva do expediente de Reparcelamento do Plan Especial de Reforma Interior I-5 da Praza Elíptica, e correspóndese coa parcela inscrita no Rexistro da Propiedade Núm. 5 de Vigo co número 66565, Libro 915, Tomo 915, procedente da inscrición 1ª, extensa, da parcela 66549 ao folio 181 do Tomo 912.

Desde un punto de vista urbanístico, os bens obxecto de concesión considéranse, no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, dentro dunha Área de Plan Incorporado (API), polo que as condicións aplicables ao réxime urbanístico dos bens son as correspondentes ao plan anterior (aparcadoiro público e usos terciarios).

A descrición do inmovible obxecto da concesión é a que resulta da copia da certificación rexistral que se adxunta a este escrito no **Anexo I**. Ademais, incorpórase como **Anexo II** a este Prego os planos de planta o andares, que delimita a superficie á que se estende o obxecto da concesión.

Características do inmovible obxecto da concesión

O “Centro Comercial Praza Elíptica” componse dun edificio situado baixo a Praza de Francisco Fernández del Riego en Vigo, destinado a usos comerciais, terciarios de calquera índole e aparcadoiro. Ten unha superficie construída total aproximada de trinta e catro mil oitocentos corenta e nove metros e vinte decímetros cadrados (34.849,20 m²), distribuídos en seis andares:

	SUPERFICIE APROXIMADA (m ²)
Andar 1	6.180 m ²
Andar 0	6.310 m ²
Andar -1	4.940,20 m ²
Andar -2	6.780,30 m ²
Andar -3	4.202 m ²
Andar -4	6.436,70 m ²

Dispón dunha comunicación vertical dos diversos andares entre si e co exterior, mediante ramplas, escaleiras, ascensores, montacargas, escaleiras mecánicas. Está provisto de instalacións de climatización, iluminación interior e antiincendios, servizos de señoras e cabaleiros, así como as demais instalacións que se sitúan na galería de servizos situada cara ao linde sur. Conta tamén con saídas de gases a través das chemineas artísticas situadas na cuberta do Centro Comercial. Ten accesos a través de varios puntos na Praza de Francisco Fernández del Riego, desde o andar intermedio entre a Praza e a rúa Bolivia, desde a rúa Bolivia e desde a rúa Simón Bolívar. Ten forma de polígono irregular e linda ao norte coas rúas Simón Bolívar e Bolivia, ao sur cos soares un, dous e tres do PERI da Praza Elíptica, ao leste con rotonda da Praza na zona que veñen das rúas Fernando Conde, Padre Don Rúa e Nicaragua e oeste con rotonda na zona que vén das rúas Nicaragua e travesía do Marqués de Alcedo.

Xestión e explotación das instalacións

O adxudicatario terá dereito a explotar o aparcadoiro e os locais comerciais existentes nos bens obxecto de concesión en por si ou por terceiros, consonte os dereitos e obrigas que resultan do presente Prego.

– EFECTOS DA CONCESIÓN

En virtude do outorgamento directo desta concesión, non procederá o aboamento da indemnización que correspondería a PRAZADOURO, S.L. pola anulación da concesión e liquidación do contrato do 23 de xuño de 1998, e que foi determinada no acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de febreiro de 2011 indicado no apartado III dos Antecedentes antes expostos.

Á marxe do exposto no parágrafo anterior, se por calquera causa non se chegase a outorgar a nova concesión, ou se anulase por calquera causa a que se lle adxudica de xeito directo ao abeiro deste Prego, ou se o obxecto e destino desta nova concesión se vise modificado e/ou afectado por calquera causa que impida o normal desenvolvemento do seu obxecto ao abeiro do disposto no proxecto de explotación que se aprobe, procederase á execución do acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de febreiro de 2011 nos termos contidos no informe proposta emitido para a adopción do mesmo, sen prexuízo das actuacións que fosen precisas como consecuencia do período de tempo transcorrido desde o outorgamento directo da nova concesión.

III. NATUREZA DO CONTRATO E RÉXIME XURÍDICO

Natureza do contrato.-

A natureza da relación é a de concesión administrativa sobre bens de dominio público, regulada na LPAP, e as partes quedan sometidas expresamente, no que non estea previsto no presente Prego, á normativa citada no parágrafo seguinte.

Réxime xurídico.-

A concesión de uso privativo sobre bens de dominio público rexerá polo presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e polo acordo de adxudicación da concesión que se outorgue a PRAZADOURO, S.L.

O contrato ao que se refire o presente Prego rexerá tamén polas disposicións da LPAP, polo Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño (RBEL), que debe ser interpretada á luz do contido da LPAP, de acordo co disposto no apartado 5 da Disposición Final segunda da LPAP. Tamén se terá en conta, no que resulte aplicable, o Decreto 3588/1964, do 5 de novembro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación da Lei do Patrimonio do Estado (RPE) e o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, do Patrimonio das Administracións Públicas, aprobado por RD 1373/2009.

Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de Dereito Administrativo e, na súa falta, as normas de Dereito Privado.

IV. PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

A concesión outorgarase a través de adxudicación directa, de conformidade cos artigos 93.1 e 137.4 i) da LPAP, e o 117 do RD 11373/2009.

O artigo 93.1 da LPAP, ao regular o réxime xurídico aplicable ás concesións demaniais como título habilitante para o uso privativo de bens de dominio público, establece o seguinte:

“1. O outorgamento de concesións sobre bens de dominio público efectuarase en réxime de concorrencia. No entanto, poderá acordarse o outorgamento directo nos supostos previstos no artigo 137.4 desta Lei,

cando se dean circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, ou noutros supostos establecidos nas leis.”

De acordo co disposto no apartado 5 da Disposición Final segunda da LPAP, o apartado 1 do artigo 93 antes transcrito ten o carácter de lexislación básica, nos termos establecidos no artigo 149.1.18º da Constitución, o que determina que a regulación establecida sobre esta materia na normativa reguladora das entidades locais, en particular, o RBEL, debe ser interpretada á luz do contido da LPAP.

Segundo o artigo 137.4. i) da LPAP, incluído no apartado da Lei dedicado ao alleamento de inmobles, ***“poderase acordar a adxudicación directa nos seguintes supostos:***

“i) cando por razóns excepcionais se considere conveniente efectuar a venda a favor do ocupante do inmueble.”

Pola súa banda, o artigo 117 d) do RPE, vixente en canto non se opoña, contradiga ou resulte incompatible coa LPAP, dispón que se poderá acordar o alleamento directo ***“cando por razóns excepcionais, debidamente xustificadas no expediente, resulte máis aconsellable para os intereses patrimoniais do Estado o alleamento directo.”***

Como quedou xustificado no Acordo da Xunta de Goberno Local do **23 de decembro de 2010** e na introdución do Prego, ante as razóns excepcionais que concorren no suposto da “Praza Elíptica”, está xustificado acudir ao procedemento de adxudicación directa dunha nova concesión demanial a favor de PRAZADOURO, S.L., que é o actual ocupante do inmueble, para evitar o prexuízo que podería resultar para os intereses públicos e municipais se se optase por outra formula xurídica para a selección do contratista que obrigaría ao Concello á efectiva liquidación do contrato anulado e evidentemente ao pagamento da correspondente indemnización, máxime se nos atopamos, conforme dispón a letra o) do apartado 1 do artigo 4 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, ante un contrato excluído do ámbito de aplicación da mesma.

Por iso e coa finalidade de garantir o bo fin das actuacións, PRAZADOURO, S.L., trala información pública do presente Prego, formulará solicitude/oferta para a adxudicación directa da concesión obxecto do mesmo, consonte os artigos 93 e 137.4 i) da LPAP, no prazo de dez días naturais contados desde a invitación que lle faga o Concello unha vez se teña por finalizada a devandita información pública.

2 ORGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación para a adxudicación de concesións é a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, tal e como dispoñen os apartados 1 a 3 da Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro.

VI. PRAZO DA CONCESIÓN

A concesión demanial terá unha duración de **SETENTA E CINCO (75) ANOS**, a contar desde o día seguinte ao de notificación do acordo de adxudicación.

O concesionario está obrigado nos negocios xurídicos que concerta con terceiras persoas a reflectir nos correspondentes títulos a data de vencemento da concesión que determinará o prazo máximo de duración do negocio xurídico.

VII. REVERSIÓN DAS INSTALACIÓNS

Unha vez finalizada a concesión reverterán ao Concello, sen contraprestación algunha, o aparcadoiro e os locais comerciais, libres de cargas e gravames, sen ter o concesionario dereito a reclamar indemnización algunha por este motivo.

O aparcadoiro e os locais comerciais entregaranse en perfectas condicións e unicamente poderán retirarse dos bens que revertsen as instalacións non fixas cuxa retirada non cause un dano ás obras realizadas nin inutilice ou imposibilite a realización das actividades.

VIII. CANON DA CONCESIÓN

Para establecer o canon e as súas condicións de pagamento, hai que ter en conta que o canon correspondente á concesión anulada, cuxo prazo de duración era de 99 anos, ascendeu á cantidade de **139.663.430 millóns de pesetas (839.394,12 euros)**, e abonouse por PRAZADOURO, S.L. ao Concello de Vigo, de forma anticipada, antes da anulación do título da concesión, sen que se restituíra o devandito importe a PRAZADOURO, S.L. pola liquidación do contrato.

Por este motivo, mantense o mesmo importe do canon da concesión **(839.394,12 euros)** que o Concello de Vigo considera aboado na súa totalidade, sen que o concesionario veña obrigado a pagar cantidade adicional algunha, en concepto de canon, pola adxudicación directa desta concesión.

IX. TRANSMISIÓN DA CONCESIÓN

A concesión de dominio público poderase ceder polo concesionario a outra persoa física ou xurídica, previa autorización da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, sempre que o cesionario reúna os requisitos de capacidade e solvencia esixida no presente Prego, e preste as garantías esixidas ao concesionario.

O cesionario subrogarase en todos os dereitos e obrigas derivados do presente Prego, e a cesión deberá formalizarse en documento administrativo ou escritura pública notarial.

X. DEBERES E FACULTADES DAS PARTES

Deberes e facultades do concesionario

- a) O adxudicatario ten dereito a explotar, en por si ou mediante terceiros, o aparcadoiro e os locais comerciais no seu beneficio, ao abeiro do disposto no proxecto de explotación presentado, e terá dereito a percibir as rendas e outros ingresos que poidan derivarse da devandita explotación.
- b) Debe levar a cabo actos de administración e de disposición sobre prazas de garaxe e locais de uso terciario, dentro dos límites previstos neste prego, cumprindo a normativa de aplicación, titulación notarial, tributos, inscricións rexistras e demais disposicións urbanísticas e de ordenanzas municipais.
- c) Destinar o aparcadoiro a prazas de carácter rotatorio mediante aluguer horario, mensual ou por período superior, e prazas fixas para a súa utilización por titulares determinados, aplicando as tarifas aprobadas polo Concello que ten dereito a percibir.
- d) Responder dos danos e perdas que se xeren a terceiras persoas polo seu persoal, con ocasión da explotación, salvo que sexan imputables a persoas distintas do propio concesionario.

- e) Solicitar licenzas de obras e/ou de actividade, agás que corresponda facelo ás persoas que traian título do concesionario, debendo neste último caso facerse constar expresamente nos contratos que aquel concerte.
- f) Inscribir no Rexistro da Propiedade a concesión e os negocios xurídicos que concerte durante o tempo desta, sempre que reúnan os requisitos para seren inscribibles.
- g) Concertar póliza de responsabilidade civil por importe mínimo de **335.000 euros** durante a vida da concesión que cubra os riscos desa natureza fronte a terceiras persoas.
- h) Conservar e manter en perfecto estado os bens de propiedade municipal sobre os que recae o uso concedido, sendo responsable dos danos e prexuízos causados polo incumprimento desta obriga. O cumprimento desta obriga realizarase ao abeiro do previsto no Convenio de Colaboración suscrito entre o Concello de Vigo e PRAZADOURO, S.L. en data 25 de setembro de 2000, que se achega no **Anexo I** deste Prego.
- i) Asumir o pagamento da cantidade de 524.395,18 euros que é a cantidade na que se fixou o enriquecemento inxusto pola recepción gratuíta das obras de escavación e estrutura realizadas na Praza Elíptica pola anterior concesionaria INMIGA, S.L., e que motivaron a anulación da anterior concesión. O pagamento da citada cantidade realizarase mediante compensación, ao abeiro de previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de setembro de 2010, e no suposto de que no sexa posible levar a cabo a citada compensación, realizarase o pagamento en metálico, previo requirimento do Concello de Vigo.

Deberes e facultades do Concello:

- a) Autorizar, previa petición do concesionario, a constitución de hipoteca, sobre a concesión, conforme ao previsto no artigo 107 da Lei Hipotecaria e artigos 60 e 61 do Regulamento, debendo estar cancelada polo menos cinco anos (5) antes do termo da concesión.
- b) Outorgar a protección adecuada que resulte indispensable para a ocupación e utilización do dominio público obxecto da concesión.

XI. HIPOTECA DA CONCESION

O titular da concesión dispón dun dereito real sobre as obras, construcións e instalacións fixas que constrúese para o exercicio da actividade autorizada polo título da concesión. Este título outorga ao seu titular, durante o prazo de validez da concesión e dentro dos límites establecidos na LPAP, os dereitos e obrigas do propietario.

Neste caso, a anulación da concesión outorgada a PRAZADOURO, S.L. o 29 de maio de 1998 obriga á novación da hipoteca constituída sobre a mesma como garantía dos préstamos outorgados para financiar a realización das obras e instalacións situadas no espazo comprendido dentro do ámbito da concesión.

Por este motivo, PRAZADOURO, S.L. poderá constituír novas hipotecas sobre as obras e instalacións obxecto de concesión que están realizadas, para atender as obrigas económicas derivadas da súa realización ao abeiro da concesión anulada, sendo preciso para iso a obtención de autorización previa do órgano competente para o outorgamento da concesión.

Ademais, tamén poderá constituír novas hipotecas, ou ampliar as constituídas sobre os bens obxecto da concesión, para atender todas aquelas obrigas relacionadas coas obras de renovación, remodelación e/ou modernización das instalacións, así como as relacionadas coas obras de ampliación.

En todo caso, as hipotecas extinguiranse nun prazo de cinco anos ao da extinción da concesión.

XII. GARANTIA

Como consecuencia da adxudicación da concesión anulada, que tiña por obxecto a execución de obras e explotación do aparcadoiro e usos terciarios na “Praza Elíptica”, PRAZADOURO, S.L. constituíu unha garantía, como aval bancario, por importe de 45.000.000 de pesetas (270.455,45 euros) que representaban o tres por cento do orzamento de execución das obras.

Tendo en conta o tempo transcorrido desde a constitución da garantía, procédese á actualización do devandito importe e procédese por parte de PRAZADOURO, S.L. á constitución dunha nova garantía por importe de 376.475 euros, que presentará como requisito previo á formalización da nova concesión.

XIII. EXTINCION DA CONCESION

A concesión obxecto deste Prego extinguirase, ademais de polas causas establecidas noutras cláusulas do presente Prego e no artigo 100 da LPAP, polas seguintes:

1. A declaración de concurso ou a declaración definitiva de insolvencia en calquera outro procedemento do adxudicatario.
2. Dedicación do aparcadoiro ou dos locais comerciais a usos non autorizados polo Concello.
3. Aplicación das tarifas de explotación do aparcadoiro por importe superior ao autorizado.

XIV. CAPACIDADE DO ADXUDICATARIO

PRAZADOURO, S.L. deberá acreditar a súa personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, de acordo co establecido na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e non atoparse comprendida nalgunha das causas de prohibición de contratar establecidas no artigo 49 da devandita Lei, e acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica conforme aos medios e criterios establecidos no apartado 16 e 17 do presente Prego.

XV. SOLICITUDE DO ADXUDICATARIO. PRAZO DE PRESENTACIÓN

PRAZADOURO, S.L., formulará solicitude/oferta para a adxudicación directa da concesión obxecto do mesmo, consonte os artigos 93 e 137.4 i) da LPAP, no prazo de dez días naturais contados desde a notificación que lle deberá realizar o Concello da finalización do prazo de información pública do presente prego de condicións, acompañada da documentación administrativa e técnica que existese nos seguintes apartados para a formalización do contrato.

XVI. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

PRAZADOURO, S.L. deberá presentar os seguintes documentos, orixinais ou copias dos mesmos que teñan o carácter de auténticas conforme á lexislación vixente, acompañados, en folla independente, dunha relación de todos os documentos que o licitador inclúa na súa solicitude.

- Código de Identificación Fiscal (CIF) e DNI do representante que asine a oferta.

- Documentos xustificativos da capacidade de obrar da persoa xurídica: Escrituras de constitución e de modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil.
- Declaración responsable do licitador facendo constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións de contratar previstas no artigo 49.1 da LCSP.
- Acreditación da solvencia económica e financeira na forma establecida no artigo 64 da LCSP.
- Acreditación da solvencia técnica na forma establecida no artigo 68 da LCSP.
- Documentación que acredite a existencia dun seguro de Responsabilidade Civil por parte da empresa concursante por importe mínimo de 335.000 euros.

XVII. DOCUMENTACIÓN TÉCNICA

PRAZADOURO, S.L. deberá presentar coa súa solicitude un Proxecto de xestión e explotación do Centro Comercial e do aparcadoiro que deberá ser aprobado polo Concello.

XVIII. CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E ADXUDICACIÓN

Unha vez presentada a documentación administrativa e técnica, dentro do prazo establecido, cualificarase a documentación administrativa pola área de contratación e novos proxectos do Concello de Vigo e se se observasen defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicaranse a PRAZADOURO, S.L. para que os emende dentro dun prazo non superior a tres días hábiles.

A continuación, despois de cualificar a documentación administrativa e, no seu caso, emendadas as deficiencias ou omisións advertidas, procederase polo mesmo servizo ao estudo e valoración da documentación técnica presentada, para o que se poderán solicitar cantos informes técnicos se estimen precisos e se relacionen co obxecto da concesión.

Se fose preciso, poderase negociar co adxudicatario o contido do proxecto presentado para axustalo á normativa cuxo cumprimento debe respectarse e facerse cumprir pola Administración no exercicio da explotación.

Finalizadas as actuacións anteriores, o órgano competente procederá á adxudicación da concesión.

XIX. FORMALIZACIÓN DA CONCESIÓN

A concesión formalizarase en contrato administrativo, e poderase elevar a escritura pública a petición do adxudicatario, sendo título suficiente para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade. Neste acto de formalización achegarase por PRAZADOURO, S.L. a garantía esixida.

XX. GASTOS E TRIBUTOS

Os gastos notariais e rexistrais serán de conta do concesionario.

Os custos fiscais que se esixan a PRAZADOURO, S.L. polo cumprimento da lexislación tributaria, como consecuencia da liquidación do contrato e adxudicación da nova concesión, serán asumidos na súa totalidade polo Concello de Vigo, tal e como resulta do acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de decembro de 2010.

No caso de que o Concello non cumpra o compromiso indicado no parágrafo anterior e para o suposto de que PRAZADOURO, S.L. se vexa obrigada a asumir os custos fiscais indicados, PRAZADOURO, S.L. poderá resolver o presente contrato de concesión, o que determinará que a indemnización que correspondería a PRAZADOURO, S.L. pola anulación da concesión de data 23 de xuño de 1998,

adquirirá automaticamente plena eficacia, sen prexuízo das actualizacións que fosen precisas como consecuencia do período de tempo transcorrido desde o outorgamento directo da nova concesión.

“A cantidade máxima a que pode ascender a posible indemnización pola liquidación do contrato, no suposto de non formalizarse a adxudicación directa da concesión de dominio obxecto deste Prego será a que resulte pola aplicación do criterio mantido pola Xurisprudencia expresado no informe de IDOM – Consulting aportado por PRAZADOURO S.L., o 30 de novembro de 2010.”

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 14.26 h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.